

17 de maio, Día das Letras Galegas

CEIP Meaño “As Covas”



Este ano recordamos a un gran poeta:



1958. No 1º piso da casa familiar de
rúa Ourense, en Monforte de Lemos,
nace o 16 de febreiro Luis Ángel
Sánchez Pereiro.



Aquí está situado Monforte de Lemos, e así era nos anos 50

A súa nai, **Inés**, é mestra. O seu pai,
Manuel, rexenta unha cristalería.

Ten un irmán
maior, **Xosé**
Manuel, 2 anos
maior ca el.



Lois aos 7 meses e o seu irmán aos 2 anos.

Cando ten 8 anos nace a súa irmá
Inés, que cos anos sería a súa
inseparable compañeira nalgunha das
súas viaxes.



Xose M. e Lois no aniversario da súa irmá Inés.

En **1975** marcha a Madrid. Primeiro para estudar na universidade e despois para aprender inglés, francés e alemán.

Libros, discos, cine...
E sempre están presentes os seus amigos.



En Valdeorras, verán 1975.



Madrid 1977, no piso onde compartían estudos, sonhos,...

Ese mesmo ano, xunto co seu amigo
Manuel Rivas, funda a revista **Loia**.

Aquí empeza a publicar os seus primeiros
poemas:



*“A tempo de tentar a principal caída
despóxome da gloria e da semente de riqueza.
Na face destes días primitivos,
en posesión
da culpa divina
ou do misterio da Razón,
escribir con delicadeza
nunha caixa de Pandora
de delor”.*


Con 21 anos decide viaxar por Europa coa súa moza, Piedade Cabo. De tren en tren van pasando por Berlín, Praga, Dublín... en busca dos seus heroes literarios e musicais.




En 1981 resulta envelenado polo aceite de colza vendido a granel. Quedándolle unhas secuelas físicas que marcarán o resto da súa vida



1982, comeza a vivir co seu irmá na Coruña. Gaña o premio de poesía “**O Facho**”. Nos anos seguintes traballa como tradutor de filmes e como guionista na TVG .




1992, publica o seu 1º libro individual:
“Poemas individuais 1981/1991”



“Deixa un bico no espello
onde arde a miña sombra pola noite
e que podrezan xuntas
a imaxe da túa ausencia, (...)”

1996, o 31 de xaneiro da en Coruña o seu derradeiro recital, baseado en “*Poesía última de amor e enfermidade 1992/1995*”




Acompaña os seus versos de música e de reflexións sobre a vida, a dor, o amor e esa morte sente chegar...

1996, o 24 de maio remata *aquel vivir seu
no soño repetido nas noites dos que o
seguían querendo*, como el dixerá nun dos
seus poemas



- UN SOÑO ALLEO REPETIDO -




O certo é que teño a impresión ás veces
que se fai máis patente cada día
de que pese ás evidencias en contra
debín morrer de aquela

e estou vivindo un soño repetido
nas noites dos que me seguen querendo.

outono, 95

Mais información... na biblioteca:



E podedes consultar o seguinte enderezo web:

<http://loispereiro.blogaliza.org/>

